



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Proposta de adxudicación relativa á contratación administrativa de servizos para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo do Parlamento de Galicia.

I. O 6 de maio de 2016, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa de servizos para o mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo, mediante procedemento negociado, tramitación ordinaria e por un valor estimado do contrato de 20.855,94€, IVE excluído.

II. O 12 de maio de 2016 foron remitidas as preceptivas invitacións a cinco empresas.

- Schindler, S.A.,
- Zardoya Otis, S.A.,
- Ascensores Enor, S.A.
- Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U.
- Orona, Soc. Coop.

Rematado o prazo concedido para presentar ofertas, rexistraron a súa respectiva proposición catro empresas:

- Schindler, S.A.,
- Zardoya Otis, S.A.,
- Ascensores Enor, S.A.
- Orona, Soc. Coop.

III. De conformidade co establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas que rexe esta contratación, o 10 de xuño de 2016 se constitúe no Pazo do Parlamento a Comisión negociadora que se encargará de desenvolver a fase de negociación coas empresas licitadoras, formada por:

- F. Javier Freire González, xefe do Servizo de Réxime Interior.
- Alfonso Couso Boán, técnico do Servizo de Réxime Interior.
- José Ramón de la Fuente Rodríguez, administrativo da Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

Logo de analizado o contido do sobre A das empresas concorrentes, realizados os trámites oportunos e reparados os erros detectados, e comprobado que todas reunían os requisitos, foron admitidas a seguir no procedemento as catro empresas licitadoras.

Logo de analizada e avaliada a documentación presentada polas empresas concorrentes nos sobres B, a Comisión negociadora atribuíu ás ofertas a seguinte puntuación:

	Criterio "a"	Criterio "b"	Criterio "c"	Puntuación total
Ascensores Enor, S.A.	7,50	9,00	4,00	20,50
Schindler, S.A.	10,00	9,00	6,00	25,00
Zardoya Otis, S.A.	10,00	9,00	6,00	25,00
Orona, Soc. Coop.	9,00	9,00	6,00	24,00

Posteriormente a Comisión negociadora procedeu á apertura dos sobres "C", e comprobou que non había ningunha ofertas incurso en baixa anormal ou desproporcionada. A continuación



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

procedeu á asignación da puntuación conforme aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas.

Ofertas das empresas:

	a.- Prezo	b.- Melloras medio ambientais e de eficiencia enerxética				c.- Compromiso de tempo substitución de pezas deterioradas	d.- Tempo de resposta	
		Apagado automático das luces da cabina	Substitución alumeado por lámpadas led	Substitución alumeado focos por lámpadas led	Substitución de células fotoeléctricas por cortinas luminosas		urxencia	ordinaria
Ascensores Enor, S.A.	4.560,00 €	5	5	5	5	4 h.	20 m.	1 h.
Schindler, S.A.	4.187,16 €	5	5	5	5	8 h.	20 m.	1 h.
Zardoya Otis, S.A.	4.440,00 €	5	5	5	5	12 h.	20 m.	1 h.
Orona, Soc. Coop.	5.422,56 €	5	5	5	5	24 h.	20 m.	1 h.

Asignación automática de puntuación:

	Criterio "a"	Criterio "b"				Criterio "c"	Criterio "d"		Puntuación total
Ascensores Enor, S.A.	37,61	5,00	5,00	5,00	5,00	10,00	3,00	2,00	72,61
Schindler, S.A.	40,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5,00	3,00	2,00	70,00
Zardoya Otis, S.A.	38,38	5,00	5,00	5,00	5,00	3,33	3,00	2,00	66,71
Orona, Soc. Coop.	32,08	5,00	5,00	5,00	5,00	1,67	3,00	2,00	58,75

Polo tanto, a puntuación provisional total obtida polas empresas concorrentes foi a seguinte:

	Total puntuación provisional
Ascensores Enor, S.A.	93,11
Schindler, S.A.	95,00
Zardoya Otis, S.A.	91,71
Orona, Soc. Coop.	82,75

IV. Conforme ao establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas, as empresas licitadores foron invitadas a negociar mediante escrito de 13 de xuño de 2016, indicando o criterio de negociación recollido no punto 16 do cadro de especificacións que podía ser obxecto de negociación (o prezo), e poñendo no seu coñecemento, de forma anónima, as características e vantaxes de cada proposición. Ás catro empresas se lles remitiu a mesma invitación e o informe inicial de avaliación elaborado pola Comisión, sen identificar o resto das proposicións presentadas, dándolles un trato igual a todos os licitadores, non facilitando, de forma discriminatoria, información que puidera dar vantaxes a determinados licitadores con respecto ao resto. As novas ofertas deberían estar orientadas á mellora da oferta inicial, non sendo admisible o ofrecemento xenérico de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador.

V. Rematado o prazo concedido para que presentaran a súa nova proposición respecto do prezo, presentaron nova oferta as seguintes empresas:



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

	Novo prezo (sen IVE)
Schindler, S.A.	3.852,19 €
Zardoya Otis, S.A.	4.166,00 €

Ascensores Enor, S.A. e Orona, S. Coop non presentaron nova oferta.

A Comisión Negociadora reuniuse de novo o 21 de xuño para dar por finalizada a fase de negociación e para estudar, analizar e puntuar de novo as ofertas presentadas; do seu análise compróbase que non hai ofertas incursas en baixa anormal ou desproporcionada segundo os parámetros establecidos na cláusula décimo segunda.

Aplicando os novos prezos ofertados polas empresas Schindler, S.A. e Zardoya Otis, S.L., resulta a atribución definitiva da seguinte puntuación:

	criterios que dependen de xuízo de valor	criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas								Puntuación Total
		(a)	(b)				(c)	(d)		
Ascensores Enor, S.A.	20,50	35,69	5,00	5,00	5,00	5,00	10,00	3,00	2,00	91,19
Schindler, S.A.	25,00	40,00	5,00	5,00	5,00	5,00	5,00	3,00	2,00	95,00
Zardoya Otis, S.A.	25,00	38,09	5,00	5,00	5,00	5,00	3,33	3,00	2,00	91,42
Orona, S. Coop	24,00	30,45	5,00	5,00	5,00	5,00	1,67	3,00	2,00	81,11

Polo tanto, como resultado da puntuación obtida resultaron clasificadas as ofertas presentadas na seguinte orde:

1. Schindler, S.A.
2. Zardoya Otis, S.L.
3. Ascensores Enor, S.A.
4. Orona, S. Coop.

VI. En consecuencia, a Mesa do Parlamento adoptou na súa reunión do 5 de xullo de 2016, logo do informe favorable da intervención da Cámara, o Acordo de clasificar as ofertas na citada orde e requirir á empresa que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, Schindler, S.A., para que presente a documentación correspondente para, se é o caso, proceder á adxudicación do contrato.

VII. Dito acordo foille comunicado á empresa Schindler, S.A. mediante correo electrónico o 8 de xullo de 2016, e consta recibido pola empresa nesa mesma data.

VIII. Con data de 18 de xullo de 2016 a empresa Schindler, S.A. presentou no Rexistro da Cámara (registro nº 52108) a documentación requirida, cuxa autenticidade foi verificada telemáticamente polo Servizo de Persoal e Réxime Interior, incluído constitución na Intervención da Cámara garantía definitiva mediante o aval nº 0376098, da entidade Bankinter.



PARLAMENTO
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

IX. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, propónse á Mesa do Parlamento a adopción do seguinte Acordo:

- *Adxudicar o contrato administrativo para a prestación do servizo de mantemento dos ascensores e o elevador da tribuna do Hemiciclo do Parlamento de Galicia á empresa Schindler, S.A., nos seguintes termos:*

Prezo de adxudicación:

- Prezo anual: **3.852,19 €.**
- IVE (21 %): **808.96 €.**
- TOTAL ANUAL: **4.661,15 €.**

Melloras medio ambientais e de eficiencia enerxética:

- Apagado automático das luces da cabina: **cinco ascensores.**
- Substitución do alumeado por lámpadas led: **cinco ascensores.**
- Substitución do alumeado dos fosos do ascensor por lámpadas led: **cinco ascensores.**
- Substitución de células fotoeléctricas por cortinas luminosas **cinco ascensores.**


Compromiso de tempo, en horas, de substitución de pezas deterioradas, con outras de reposto, para a resolución de avarías: **8 horas.**

Tempo de resposta:

- no caso de urxencia: **20 minutos.**
- no resto de incidencias: **1 hora.**

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2016.

O xefe do servizo


PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR


Vº e prace
O Letrado Oficial Maior

Xosé Antón Sarmiento Méndez

MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA